



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE DO PÁRAMO

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: **CEIP Plurilingüe do Páramo**

Dirección: **Páramo S/N . Páramo (0). C.P. 27363 (Lugo)**

Email: ceip.paramo@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipparamo

Etapas educativas: **3 unidades (unha de infantil e dúas de primaria).**

Número de alumnado: **43**

Número de Mestres/as: **3 defenitivos, un interino 3 itinerantes e un día un orientador**

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas.

O CEIP do Páramo está situado na carballeira do campo da feira do concello do Páramo.

O noso municipio está situado no centro de Galicia e no Oeste da provincia de Lugo da que administrativamente forma parte, aínda que a nosa cabeceira de comarca ten a súa capitalidade en Sarria. Limita polo Norte co concello do Corgo, polo leste cos concellos de Láncara e Sarria, polo sur co de Paradela e polo Oeste cos de Guntín e Portomarín.

O termo municipal do Páramo ten unha superficie 74,5 Km. cadrados, sendo inferior a media dos concellos de Galicia.

Conta con 18 parroquias ao longo de toda a xeografía, as cales se atopan bastante diseminadas cunha media de ao redor de vinte e cinco a trinta casas.

As familias realizan tarefas primordialmente agropecuarias sen existir practicamente alternativas nouros sectores. As explotacións agrogandeiras son na súa meirande parte unifamiliares sendo pois, economías unifamiliares e de subsistencia. Nos derradeiros anos, e grazas a algúns emprendedores, están xurdindo algunhas cooperativas coas que se busca maior rendabilidade neste sector. Porén, o nivel económico familiar segue a ser medio- baixo.

Os pobos sofren día a día unha merma no número de habitantes que se vé reflectido no descenso da matrícula no colexio, por mor do éxodo rural, baixa xeralizada na natalidade e por conseguinte, avellentamento da poboación. A principios do século XX chegou a acadarse preto dos 3800 habitantes cando hoxe en día apenas chega aos 1400.

Na maioría dos fogares posúen electrodomésticos básicos e teléfono con internet.

Apréciase unha preocupación nas familias tanto pola alimentación que é bastante variada, como na vestimenta (podemos apreciarlo nos nenos/as). Reciben boa atención sanitaria, efectuándose revisións periódicas, vacinacións e acudindo ao médico cando o precisan. Ademais, moitas familias preocupápanse de mandalos a actividades extraescolares organizadas polo concello e outras entidades: actividades deportivas, grupos culturais, clases particulares, manualidades e outras.

As familias son bastante reacias ao emprego das novas tecnoloxías. Seguen a preferir os métodos tradicionais para cumprimentación de impresos, etc.

2. Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

O centro educativo serve para que o alumnado se forme, aprenda e se desenvolva coa finalidade de ir mellorando consonte á práctica, reflexión e as relacións establecidas.

O plan dixital debe axustarse ao contexto institucional máis amplo incardinado noutros documentos, caso do PEC (Proxecto Educativo do Centro), PXA (Programación Xeral Anual), contratos programa ou Proxecta, etc e entre todos eles complementarse.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 trouxo consigo o peche dos centros educativos no mes de marzo e acelerou a integración das tecnoloxías no proceso de ensino - aprendizaxe.

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada, o que obriga a desprezar novas competencias que axuden a desenvolverse en contornas dixitalizadas. Este cambio de modelo trae consigo a necesidade de elaborar marcos de acción que faciliten o traballo docente baixo estas novas condicións, que afectan o uso das tecnoloxías na educación, desde cuestións organizativas ata outras máis pedagóxicas propias dos procesos de ensino - aprendizaxe.

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A finais do mes de novembro fixemos unha primeira reunión do grupo de traballo para darlle unha orientación ao PDC, consonte ás necesidades do centro.

A mediados do mes de decembro acudiu ao centro o mentor do equipo ADIX que nos foi asignado, para informarnos da función da ferramenta do selfie como apoio para reforzar a competencia dixital do centro. Asemade, cumprimentáronse os distintos apartados do mesmo.

Posteriormente, a principios de febreiro, fíxose outra reunión para valorar os recursos pedagóxicos dixitais dos que está dotado o centro e reflexionouse sobre as actuacións necesarias en relación cos recursos disponibles.

A principios do mes de marzo, acudiu ao centro unha relatora para expoñer distintos recursos dixitais interesantes para a docencia no centro. A mediados do mesmo mes, os membros do equipo ADIX convocáronnos a unha videoconferencia compartida con outros centros, para explicar como elaborar o informe DAFO. A finais do mesmo mes, voltou ao colexio a relatora mencionada con anterioridade para amosarnos diversas aplicacións educativas na rede e tamén diferentes actividades para a aula.

A principios do mes de abril, os membros do equipo ADIX convocaron unha nova videoconferencia para facer unha análise dos informes DAFO e explicar como elaborar a documentación restante (Plans de Acción, Proxecto Dixital, etc.).

A principios do mes de maio, tivemos outra nova sesión para abordar o Plan de Acción empregando o informe DAFO como axuda.

Neste mesmo mes tivemos unha sesión co asesor do equipo ADIX para revisar a táboa do Plan de Acción con cada obxectivo.

Por último a finais de mes, revisáronse as táboas do Plan de Acción e fíxose un resumo do traballo realizado.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

1. INFRAESTRUTURA DIXITAL	CONNECTIVIDADE	A conectividade actual no centro é correcta. Neste curso 2021-22, instaláron a conexión por fibra óptica coa que a mellora neste eido foi evidente.
	DE VOZ	Actualmente contamos: Cun porteiro automático para as entradas ao recinto escolar. Dous teléfonos fixos na zona administrativa. Un teléfono inalámbrico tamén na zona administrativa. Temos solicitado dúas extensións, unha para a cociña e outra para o segundo andar.
	CABLEADA	Todos os locais están cableados.
	SEN FÍO	Actualmente contamos con wifi en todas as aulas do centro.
EQUIPAMENTO DISPONÍBLE E IDENTIFICACIÓN DE USOS	AULAS DIXITALIZADAS	Todas as aulas están dotadas dixitalmente con wifi, ordenadores de sobremesa ou portátiles, canóns, pantallas para proxección, (tres delas interactivas).
	PROXECTO E-DIXGAL	Xa se fixeron reflexións sobre a posibilidade de incorporarse a este proxecto pero, por decisión do claustro de mestre/as e dada a situación académica do centro, considerouse agardar alomenos un ano para instauralo.
	XESTIÓN ADMINISTRATIVA	Nestes locais temos conexións wifi e por cable suficiente. Na dirección contamos cun ordenador sobremesa adquirido polo centro e unha fotocopiadora. Nun local habilitado para encargado/a de comedor carecemos de ordenador aínda que temos conexión por cable.
	USO DA BIBLIOTECA	Na biblioteca contamos cunha pantalla multifuncional, un ordenador sobremesa actualizado mercado polo centro e conexión por cable e por wifi. Despois dunha reforma deste local, temos que implementar novas conexións tanto eléctricas como de rede. Proximamente agardamos aumentar a dotación de material dixital con novos ordenadores...
	USO SALA PROFESORADO	Na sala de profesorado contamos cun ordenador sobremesa adquirido polo centro e cunha fotocopiadora en cor. Tamén con wifi.
	EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA AULA MÓBIL	Xunto cos 7 portátiles, dos que 2 foron adquiridos polo centro, Contamos cunha pantalla multifuncional con peana e que trasladamos a distintos eventos.
	AULA DE INFORMÁTICA	Nesta sala temos 12 ordenadores completamente descatalogados, unha impresora e dúas impresoras. Todo o material existente e adquirido a través da consellería pero precisaría unha actualización ou cambio.
	DOTACIÓNS PARA PROXECTOS ESPECÍFICOS	A raíz da inclusión do noso centro na rede de plurilingüismo e bilingüismo, dótáronos con algunhas partidas económicas coas que se mercaron pantallas dixitais e proxectores entre outros.
S. DIXITAIS EDUCATIVAS	WEB, AULA VIRTUAL, AGUEIRO, E-DIXGAL, ESPAZOABALAR, ...	Tratamos de actualizar a páxina web do centro para que a información dixitalizada chegue ás familias por esta canle. Tamén empregamos o espazoAbalar para informar ás familias como por exemplo a difusión das notas dos/das fillos/as.
MANTENEMENTO EQUIPAMENTO		O mantemento do equipamento chega a través da conta de funcionamento do colexio, como no caso das fotocopiadoras e escasamente da administración.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	NON				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	NON				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	NON				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	NON				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	NON				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	SI				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	SI				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	SI				
	Profesorado	SI				
	Alumnado	SI				

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2		
PROVISIONAL			
INTERINO	2		
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63,3	A2	76,5	B1

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	50%
B1	2	50%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	4	100%

2.3 Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existe iniciativas illadas de dixitalización	Falta de tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.
	PERSOAL DOCENTE	Existe formación continua dos docentes en competencias dixitais.	Non existe colaboración con outros centros.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	É consciente da normativa de protección de datos.	Non están actualizados os equipamentos e as redes.
	FAMILIAS	Comportamento seguro é responsable do alumnado	Existen dificultades para medir as capacidades do alumnado desenvolvidas fóra do centro.
	OFERTA	O claustro asegúrase de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias.	Non é capaz de comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro tén o compromiso de actualizar os equipamentos.	Non se contempla dentro do horario tempo adicado a comunicación.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA			

CATEGORÍAS		Programas da Consellería vinculadas ás TICS como Edixgal, espazos maker...	Situación laboral da plantilla docente e non docente.
	LEXISLACIÓN	Grao de apoio na lexislación.	
	CONTORNA	Nivel de apoio-recursos das familias en relación ao eido dixital.	Falta de concienciación da formación dixital no eido familiar.
	ANPA	Participación en programas externos relacionados coas TICS.	Nivel de financiación externa.
	OUTRAS ENTIDADES	Boa relación co Concello	

3. Plan de Acción

Tendo en conta o exposto no apartado 2.1 relativo aos recursos materiais disponibles, consideramos que os mesmos son insuficientes e se atopan desactualizados polo que, aínda que os recursos humanos non son os desexables, habería que implementar máis equipamento dixital actualizado e funcional para que o profesorado do centro conte no material acorde coas necesidades da nova realidade dixital.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

No mes de maio fixemos unha primeira toma de contacto onde se nos explicou como abordar o Plan de Acción a partires do informe DAFO. Neste mesmo mes tivemos unha reunión co asesor do grupo ADIX para revisar a táboa do Plan de Acción para cada obxectivo proposto polo centro. Por último, a finais deste mesmo mes, revisamos as táboas do Plan e fixemos un resumo do traballo realizado.

Toda a información dos obxectivos do Plan de Acción pódense atopar na táboa seguinte:

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: LIDERADO (A)							
OBXECTIVO 1: (1)	Reforzar o horario adicado a formación en materia dixital					Acadado	
Responsable:	Director/a					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Asignación horaria do tempo dispoñible do profesorado						
Valor de partida: (3)	0 h						
Valor previsto e data: (4)	1h mensual				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1:Establecer un grupo de traballo adicado a formación dixital	Director/a (o noso centro non dispón de xefe de estudos)	24/10/2022	NON SE PRECISAN RECURSOS ESPECÍFICOS.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2:Realizar reunións na que o grupo de traballo estableza uns criterios axeitados para elaboración de materiais dixitais.	Director/a	07/11/2022	TABLET, SMARTPHONE OU ORDENADOR.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Constituir unha canle de comunicación idónea entre os	Director/a	28/11/2022	TABLET, ORDENADOR, CONEXIÓN Á REDE.		Realizada		

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)							
OBXECTIVO 2: (1)	Promover o espírito crítico do alumnado establecendo estratexias e recursos na procura de información nas redes dixitais					Acadado	
Responsable:	MESTRES TITORES DAS AULAS DE EP.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Actividades implementadas coa información obtida nas redes dixitais						
Valor de partida: (3)	1 sesión						
Valor previsto e data: (4)	6 sesións destinadas á consecución do obxectivo.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Crear un grupo de traballo e elixir unha tema específico de investigación.	Mestre titor	14/12/2022	- Táboas de control		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Guiar ao alumnado na procura de información e axudar a contrastala.	Mestre titor	24/02/2023	- Conexión á rede e dispositivos para buscar a información.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Avaliar o espírito crítico do alumnado na procura de información axeitada	Mestre titor	30/06/2022	- Conexión á rede e dispositivos para acceder á información. -Instrumentos de avaliación adecuados.		Realizada		

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 3: (1)	Establecer como canle principal de comunicación a plataforma ABALAR				Acadado	
Responsable:	Director/a				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de comunicación achegada ás familias a través de Abalar.					
Valor de partida: (3)	20% das comunicacións por esta canle.					
Valor previsto e data: (4)	75% das comunicacións por esta canle.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Convocar a unha reunión informativa ás familias para explicar o funcionamento desta ferramenta.	Mestres/as titores/as.	30/09/2022	- Documento informativo e explicación audiovisual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Usar esta canle como medio principal de comunicación coas familias.	Mestres/as titores/as.	30/06/2023	- Aplicación Abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Avaliar conxuntamente a efectividade da comunicación coas familias e establecer solucións ante os problemas presentados.	Mestres/as titores/as.	30/06/2023	- Aplicación Abalar. - Rexistro de necesidades e dificultades plantexadas.		Realizada	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Conserxería			NON EXISTE	
Biblioteca			EN REFORMAS	EQUIPACIÓN DIXITAL
Comedor			SEN DIXITALIZAR	DIXITALIZACIÓN
Salón de actos			NON EXISTE	
Administración			DIXITALIZADA	
Sala de docentes			DIXITALIZADA	
Despacho de ...				
Taller de ...				
Aula de ...				
Equipamento con Móbilidade (carros ...)			UNHA PANTALLA MULTIFUNCIONAL	INCREMENTO DO APARTADO

4. Avaliación do plan

Para poder avaliar o Plan, será preciso medir o grao de consecución dos obxectivos que previamente marcamos.

Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo nun marco específico e concreto. Para realizar a avaliación, teremos en conta diferentes instrumentos e ferramentas tales como:

- Indicadores da avaliación asociados a cada un dos obxectivos e acción.
- A ferramenta de avaliación selfie a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do centro.
- Avaliación da competencia dixital do alumnado a través do selfie.

O Plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos. O informe do progreso formará parte da Memoria Anual do Centro.

5. Difusión do plan

Para darlle difusión ao PDC, empregaremos a páxina web do centro, espazoAbalar,blogs, e outros medios de interrelación dixital coa comunidade educativa.